

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Biólogos de Galicia mostrará nun curso diferentes técnicas destinadas á creación de ideas no seo das empresas

Daranse as coñecer ferramentas de xestión da innovación, de cara a mellorar o rendemento empresarial

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2010 (Vía Láctea Comunicación).- O **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-**, en colaboración coa consultora Grupo PFS, vai celebrar un curso sobre “Ferramentas de xestión da innovación”. Terá lugar os días 8 e 9 de novembro, na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago. Diríxese a traballadores en activo, en particular a empresarios, xerentes, directivos, mandos intermedios e técnicos interesados na xestión da I+D+i.

Con este seminario-taller preténdese comunicar aos asistentes a importancia da innovación a través da implantación de determinadas metodoloxías e dinámicas de procesos. “O curso vai encamiñado a que os traballadores, na súa actividade laboral, teñan capacidade de extraer o coñecemento da empresa e plasmalo nun proxecto de I+D+i” -explica o consultor **Enrique Pena González**-. Nesta liña, informáraselles sobre que ferramentas poden empregar de cara a xestionar actividades neste eido na empresa.

O experto manifesta que “non é habitual que as empresas aproveiten a bagaxe de coñecementos dos seus traballadores para logo transformala nunha innovación ou nunha investigación, de aí a importancia de estruturar este coñecemento para que non se perda e a empresa poida empregalo para a resolución de problemas e a obtención de beneficios”.

Durante o curso abordarase a implantación nas empresas de sistemas de vixilancia tecnolóxica. Tal como explica unha das profesoras, **Luisa Piñeiro**, experta en sistemas de xestión, “é un proceso que axuda na toma de decisións”.

Por outro lado, nestas xornadas trataranse diferentes técnicas destinadas á creación de ideas, de cara a enfrontar determinadas estratexias empresariais, traballar na posta en marcha de novos produtos, facer fronte á solución de problemas... Tamén se darán a coñecer ferramentas que permitan valorar as ideas e determinar cales son as mellores en cada caso.

PRENSA Colexio Oficial de Biólogos de Galicia – COBGA

981 554 407 / 639 768 929 ... www.vialactea.es